



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

[A Virxen ...
a que] tanta devoción lle teñen
os veciños do Mazo
i os dos pobos do arredor-e
escomenzando polo de Córghomo.

Co teu permiso, señora,
ás túas prantas hoxe chega
a falarche unha galega
na lingua dos teus avós.

Estamos na nosa terra
e non ha de ser cousa mala
que eu cante na miña fala
bendita mai de Dios.

Pra gabarche cal mereces
aquí din os meus cariños
a lingua dos anxeliños
me faría falta a min.

Que das estrelas abaixo
coma ela ningún se ofrece
a que máis se lle parece
é a da terra donde eu nacín.

Cántoche en galego ós páxaros,
cántoche en galego ás frores,
y en galego os teus loores
un rei sabio che cantou.

O mesmo eu cantar che quero
amor co meu peito encerra
ca fala da nosa terra
Dios preciso la inventó.

Algúns pensan que se pode
rezar soio en castellano
cal si non fora cristiano
o noso lindo falar,

cal si ti non entenderas
o nos fora lingua estraña
como habías de inorar.



Os fillos da nosa terra
cantamos todos os días
as penas e as alegrías,
que nos saen do corazón.

E non había de servirche
esta galega que che fala
pra decirche Virxen Santa
miranos con compasión.

Dios te salve, Nosa Reina,
nai dos probes que che improban,
agarismo dos que choran
triste bágoas do teu...

Volvamos ises teus ollos
cheos de amor e de alegría
e na hora da agonía
libranos de todo mal.